



## ANUNCIO

Extracto dos acordos adoptados pola Xunta de Goberno Local do Concello de Marín, na sesión ordinaria que tivo lugar o **día 7 de marzo de 2018**.

1. Apróbase o borrador da acta da sesión ordinaria do 28 de febreiro de 2018.
2. Concédese licenza de primeira ocupación de vivenda unifamiliar sita en Aguete, 178, Seixo, Marín.
3. Apróbase o expediente de contratación do servizo consistente en “Asistencia técnica á Oficina de Rehabilitación da Vivenda (ARI) do Concello de Marín, para información ao público, tramitación, xestión e divulgación das axudas públicas en materia de vivenda”.
4. Solicítase subvención por importe de 90.606,69 euros con destino ó investimento “Sistema de retención e desbaste automático de sólidos no bombeo de augas residuais de Loira I” ó abeiro do Plan Provincial de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2018-2019.
5. Dáse conta da publicación das subvencións do Fondo de Compensación Ambiental, da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, para o ano 2017, entre elas o concello de Marín, por importe de 30.893,44 euros.
6. Dáse conta da publicación das axudas concedidas pola Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza para a creación e/ou mellora das infraestruturas, dotacións, instalacións e equipamentos vinculados á prestación de servizos municipais, destinados a concellos de Galicia para o ano 2017, entre elas o concello de Marín por importe de 26.277,15 euros.
7. Dáse conta das bases reguladoras de subvencións a entidades locais de Galicia para a programación de actividades de dinamización da lectura nas bibliotecas e/ou axencias de lectura públicas de titularidade municipal, integradas na Rede de bibliotecas públicas de Galicia, e a súa convocatoria para o ano 2018, da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.
8. **Rogos e preguntas.** Non se formulan.

A ALCALDESA-PRESIDENTA,

María Ramallo Vázquez.

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E300027C400018J8W3E4P9Q9 en <a href="https://sede.concellodemarin.es">https://sede.concellodemarin.es</a>	<b>FIRMANTE - FECHA</b>	<b>DOCUMENTO 20190162880</b>
	MARIA PILAR RAMALLO VAZQUEZ-Alcaldesa - 20/02/2019 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 20/02/2019 08:54:55	Fecha: 20/02/2019 Hora: 08:54